

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 26 DE MAIO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón que cese Francisco Carballal Lugrís como secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Santiago Roura Gómez como director xeral de Xustiza
- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a Santiago Roura Gómez
- Decreto polo que se nomea director xeral de Xustiza a Julio Iglesias Redondo

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que a Comunidade Autónoma de Galicia acepta a doazón de equipos informáticos feita por International Business Machines S.A. (IBM) para seren destinados a determinados centros educativos

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Cruz Vermella de Galicia, para a execución do programa de familias acolledoras.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a entidade Cruz Vermella de Galicia, para a execución dun programa de axuda no fogar.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (Special Olympics Galicia) para a realización de actividades de formación, ocio e deportivo-terapéuticas dirixidas a persoas con discapacidade intelectual de Galicia e ás súas familias.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociados de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para o financiamento da realización do programa de atención a persoas xordas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade física preferentemente en áreas rurais de Galicia.

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se nomean dous representantes da Xunta de Galicia na Comisión Mixta creada na cláusula cuarta do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia.

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se valida o incremento de gasto en materia de obras públicas relativo á reparación danos en vivendas como consecuencia da execución das obras Corredor do Morrazo. Treito: I-1 enlace A-9 en Rande a Outeiro do Aviador.

#### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S. A. para garantir o normal funcionamento do Parque Tecnolóxico de Galicia durante o ano 2006.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e Repsol Butano S.A. para o desenvolvemento da infraestrutura do gas propano canalizado en diferentes núcleos de poboación de Galicia.
- Acordo polo que se declara o proxecto Ramal APB (transporte secundario) Pontevedra-Marín-Bueu-Cangas (Pontevedra), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM Rural-Betanzos... Xunqueira).

### CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Lugo para a musealización e posta en valor dos restos arqueolóxicos do Xardín de San Roque.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Paderne, para a clausura, selura e rexeneración ambiental do vertedoiro de RSU.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Bande, para a adecuación e clausura do vertedoiro do cemiterio.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Entrimo para a execución das obras: "Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Mellora da rede de abastecemento a Galez e a Terrachá. Entrimo (Ourense)", clave OH.232.532, por importe de catrocentos corenta e seis mil euros (446.000 euros).



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello da Gudiña para a execución das obras: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma de Galicia. Captación e abastecemento en Mesón de Herosa e San Lourenzo. A Gudiña (Ourense), clave OH.232.468, por importe de douscentos noventa e seis mil douscentos catro euros e dezasete céntimos (296.204,17 euros).

#### CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se modifica o acordo do Consello da Xunta do 22 de xaneiro de 2004 sobre o plan sectorial de áreas empresariais da Comunidade Autónoma.

#### INFORMES

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe relativo ao acordo entre a Xunta de Galicia e os sindicatos para a modernización e mellora da Administración de Xustiza en Galicia.

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan de inspección sanitaria para o ano 2006.



## SANTIAGO ROURA, NOVO SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Santiago Roura Gómez foi nomeado polo Consello da Xunta novo secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en substitución de Francisco Carballal Lugrís, que deixa o cargo por petición propia.

Roura naceu na Coruña en 1970, está casado e ten dous fillos. É doutor en Dereito pola Universidade da Coruña (UDC) e funcionario de carreira do corpo de profesores titulares de universidade na área de Dereito Constitucional. Actualmente está destinado no Departamento de Dereito Público da Universidade da Coruña.

Desenvolveu tarefas docentes na UDC con bolsas desde 1994 ata 1998. A partir dese momento foi profesor axudante de Dereito Constitucional do Departamento de Dereito Público nesta universidade, e desde o ano 2001 é profesor titular. Nos últimos anos impartiu docencia nas facultades de Dereito e Socioloxía da Universidade da Coruña e exerceu como titor do Centro Asociado da UNED da Coruña entre os anos 1996 e 2001 e, posteriormente, no centro asociado en Ferrol.

As súas investigacións afondan en temas como a reforma constitucional, o control da constitucionalidade, a historia da Constitución española e a distribución territorial do poder político, en España e no ámbito do Dereito Comparado, en particular no federalismo norteamericano, entre outros.

Desde agosto de 2005 ata a actualidade foi o director xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.



## JULIO IGLESIAS REDONDO, NOVO DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

Julio Iglesias Redondo foi nomeado polo Consello da Xunta novo director xeral de Xustiza en substitución de Santiago Roura Gómez, quen deixa o cargo para converterse no secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Nacido en 1966, Iglesias Redondo licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela en 1989, e obtivo o seu doutorado en 1995. Dende o ano 1997 é Profesor Titular de Dereito Civil na Facultade de Dereito desta Universidade.

Ampliou os seus estudos de doutorado en diversas universidades italianas (Bologna, Salerno, Camerino, etc.), e ten impartido docencia coma profesor visitante en varias universidades italianas e latinoamericanas (Cosenza, Católica Arxentina en Bos Aires, Católica de Chile en Santiago de Chile, Católica de Lima e San Luis Gonzaga de Ica en Perú, entre outras).

É autor de numerosas publicacións, tanto libros coma artigos en revistas especializadas, sobre temas xurídicos, e as súas áreas de especialización son a emigración, a cooperación internacional e o voluntariado. É o delegado en Galicia da Fundación Internacional Olof Palme.

## A XUNTA DESTINA 1,7 MILLÓNS DE EUROS AO FINANCIAMENTO DE SERVIZOS E ACTIVIDADES PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E DEPENDENTES

- O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, Cogami, Special Olympics e a Cruz Vermella

A Xunta de Galicia destinará 1.696.771 euros ao financiamento de programas para a integración de persoas con discapacidade, para a atención de persoas con dependencia, e para a inclusión social de menores en situación de desamparo. Este orzamento investirase a través da sinatura de convenios de colaboración entre o Goberno galego e varias entidades de iniciativa social. A sinatura foi hoxe autorizada na reunión semanal do Consello da Xunta.

### Programa de atención a persoas xordas

En concreto, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará con 700.000 euros o Programa de Atención a Persoas Xordas Residentes na Comunidade Autónoma, a través dun convenio coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG). Con este convenio, durante o ano 2006 a Federación ofrecerá o servizo de intérpretes de lingua de signos e desenvolverá o SAPS, un servizo de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva que inclúe a orientación e asesoramento sobre recursos sociais dos cales poden beneficiarse, a atención psicolóxica en lingua de signos, o deseño e execución de actividades que dean resposta ás necesidades deste colectivo e campañas de sensibilización e información.

Ademais, este orzamento servirá para pagar o servizo integral para persoas xordas, xordocegas e persoas con discapacidade auditiva, que inclúe iniciativas para favorecer a innovación tecnolóxica e os novos viveiros de emprego para a comunidade xorda, a execución de actividades de formación e a formación de formadores, o asesoramento ás familias, e un servizo de atención a persoas xordas no medio rural. No ámbito educativo, servirá tamén para traballar na elaboración de materiais didácticos e de divulgación e no deseño de proxectos piloto que redunden na mellora da calidade educativa do alumnado xordo, e permitirá ofrecer servizos de apoio a escolares xordos.

### Atención da discapacidade física no rural

Mediante un convenio coa Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), a Vicepresidencia financiará un programa para a atención de persoas con discapacidade física que se centrará preferentemente en áreas do rural galego, concretamente nas

comarcas do Deza, Tabeirós-Terra de Montes, Vigo, Ordes, A Barcala, Arzúa, Melide, Xallas, Santiago, Muros, Noia, A Ulloa e A Mariña.

O obxecto deste programa, ao cal a Vicepresidencia dedica 264.949 euros, é favorecer a integración social e laboral deste colectivo na sociedade. Para isto, acometeranse accións encamiñadas a informar e asesorar as persoas con discapacidade física e as súas familias sobre temas de accesibilidade, axudas técnicas e económicas, educación, movemento asociativo ou lexislación, e promoveranse charlas e xornadas dirixidas ás familias. Tamén se organizarán cursos e obradoiros para a formación de persoas con discapacidade e darase asesoramento de cara á inserción laboral. O convenio tamén permitirá a planificación de actividades de mellora de capacidades físicas e cognitivas, como poden ser as de fisioterapia, natación terapéutica, ximnasia preventiva, habilidades sociais, comunicativas e de autonomía. Ademais, organizarase un programa de ocio e tempo libre para fomentar na medida do posible a participación social.

#### Actividades para persoas con discapacidade intelectual

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar tamén destinará un orzamento de 180.000 euros para a realización de actividades de formación, ocio e deportivo-terapéuticas dirixidas a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias a través dun convenio coa Asociación Special Olympics Galicia.

Trátase de favorecer a integración e fomentar a convivencia entre usuarios de asociacións e centros de discapacitados con atraso intelectual da Comunidade, prestando tamén un servizo de apoio, alivio e descanso temporal aos cuidadores. Con este fin, organizaranse actividades de formación, de ocio, deportivas e deportivo-terapéuticas, e varias actividades dirixidas especificamente ás familias.

As actividades de ocio inclúen a realización de campamentos de verán nos meses de xullo e agosto, concursos e programas de vacacións, e poderán realizarse intercambios con outras comunidades autónomas.

A oferta deportiva abrangue xogos de deportes minoritarios, baloncesto, campo a través, maratón, atletismo, fútbol sala e as ligas provinciais Special Olympics Galicia, así como campionatos no ámbito estatal e mesmo internacional en varias modalidades, e actividades coa Fundación Real Club Celta de Vigo. A programación deportivo-terapéutica céntrase nos campamentos de terapia equestre.

#### Familias acolledoras

Entre os convenios de colaboración que hoxe autorizou o Goberno galego figuran outros dous que se subscribirán entre a Xunta de Galicia e a Cruz Vermella. O primeiro, cun orzamento por parte da Vicepresidencia de 294.118 euros, regulará a





colaboración entre as dúas partes para a execución do Programa de familias acolledoras. O obxecto xeral deste programa é prestar un servizo de atención temporal a menores en situación de desamparo ou desprotección social. Preténdese con isto ofrecer a estes rapaces un ambiente normalizado, e evitar ao mesmo tempo o seu acollemento residencial.

#### Axuda no fogar

O outro convenio que se asinará coa Cruz Vermella permitirá a execución por parte desta entidade do Programa de axuda no fogar e conta cun orzamento por parte da Xunta de Galicia de 257.704 euros.

O servizo de axuda no fogar préstase a aqueles cidadáns que polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares teñen seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social e, polo tanto, precisan destes servizos no domicilio.

## O CONSELLO NOMEA OS REPRESENTANTES DA XUNTA NA COMISIÓN MIXTA PARA O FINANCIAMENTO DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

O Consello, na súa reunión de hoxe, aprobou o nomeamento do secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda como representantes do Goberno na Comisión Mixta para a solución das dúbidas que xurdan na interpretación do convenio de colaboración asinado entre a Xunta e o Concello da Coruña para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Este convenio asinouuse o pasado 28 de decembro de 2004, e nel establécese a participación da Xunta no Consorcio para a Promoción da Música e prevense achegas económicas por parte desta para os anos 2004, 2005 e seguintes. Na súa cláusula cuarta dise que para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do deste convenio, se crea unha Comisión Mixta que estará integrada por dous representantes da Xunta de Galicia, un dos cales a presidirá, e outros dous do Concello da Coruña.

## A XUNTA RECIBIRÁ DE IBM EQUIPOS INFORMÁTICOS DESTINADOS A CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL

- **A iniciativa “Kidsmart” de IBM ten como finalidade integrar o ordenador na planificación didáctica dos cativos**

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un decreto polo cal a empresa International Business Machines (IBM) lle cede en propiedade á Comunidade Autónoma varios equipos informáticos para seren destinados a centros públicos de educación infantil dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A doazón de equipos de IBM enmárcase dentro da iniciativa “Kidsmart” de utilización de novas tecnoloxías.

Estes pupitres, destinados ao alumando de educación infantil, inclúen software educativo e xa foron postos en marcha noutros países. Ademais, a empresa informática formará o profesorado participante na experiencia, que potenciará a introdución das TIC no ensino infantil con materiais especificamente adaptados ás idades destes alumnos.

Os centros que contarán con estas ferramentas multimedia son, na Coruña, o CPI de Xanceda, en Mesía; e o Colexio Rural Agrupado (CRA) de Ponteceso; en Lugo, o CEIP Mestre Rivera Casás, de Cervo, e os CPI de Seoane, en Folgoso do Caurel, e o de Cervantes; en Ourense, os CEIP de Maceda, de Sarreaus e Saco e Arce de Toén. En Pontevedra, contarán con pupitres electrónicos o CEIP de Castrelo, en Cambados, e o CRA María Zambrano de O Rosal.

Con esta medida, o Goberno galego pretende integrar o ordenador na aula de Infantil, fomentando actividades en que este constitúa parte da planificación didáctica. IBM España vén desenvolvendo a experiencia “Kidsmart” de utilización de novas tecnoloxías en centros de educación infantil, co fin de fornecer contornos de aprendizaxe nos cales estean presentes as ferramentas e obxectos da nova sociedade da información.

Esta experiencia tamén pretende facilitarlles aos nenos con dificultades de aprendizaxe unha modalidade a través das novas tecnoloxías, nas cales atopen contornos adaptados ás súas características e estilos de aprender. Posibilitarlles aos nenos con discapacidade o acceso a estas tecnoloxías da información, dificilmente alcanzable cos materiais tradicionais, é unha das finalidades do programa “Kidsmart”.

A educación e a formación do capital humano, así como a extensión do I+D+i e a sociedade da información constitúen dous dos grandes obxectivos do Goberno de Galicia para esta lexislatura.



Neste sentido, a doazón realizada pola empresa informática vén contribuír ao fomento do uso das novas tecnoloxías no proceso de ensino.



## A CPTOPT INCREMENTA EN 303.000 EUROS O ORZAMENTO DESTINADO A REPARAR OS DANOS EN VIVENDAS OCASIONADOS POLAS OBRAS DO CORREDOR DO MORRAZO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes incrementa en preto de 303.000 euros o orzamento destinado á reparación de danos en vivendas como consecuencia das obras de construción do Corredor dO Morrazo.

O Consello da Xunta validou hoxe este aumento do gasto para lles facer fronte a unha serie de reclamacións que afectan 57 vivendas no treito que abrangue desde o enlace en Rande ata Outeiro do Aviador. Esta contía súmase aos 580.000 euros que xa foron consignados con anterioridade para a reparación de danos producidos inicialmente en 140 vivendas.

Estas novas reclamacións non foron recollidas no primeiro expediente, ben por descoñecemento dos propietarios porque non sabían a onde dirixirse, ben por ser segundas residencias ou por aparecer os danos nalgunhas propiedades con posterioridade ás voaduras, aínda que inducidas por estas.

A localización destas novas 57 vivendas é similar ao das anteriores e os desperfectos que presentan son fendeduras en tabiques inferiores e exteriores, fendeduras e roturas en azulexos, asentamento de escaleiras de acceso ás vivendas, fendeduras de pintura en forxados, rotura de vidros e asentamento de muros das cercas das vivendas.

A empresa construtora do Corredor do Morrazo será a encargada de arranxar os danos rexistrados nas ditas vivendas.



## A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia para garantir o seu normal funcionamento no ano 2006. O importe do convenio ascende a 1.230.896 euros, que a Administración autonómica achegará a través da Dirección Xeral de I+ D+ i con cargo á anualidade do ano 2006.

A Xunta de Galicia é a promotora do Parque Tecnolóxico de Galicia, situado no termo municipal de San Cibrao das Viñas (Ourense), que abrangue unha superficie superior aos 500.000 metros cadrados na cal se sitúa o edificio do Centro de Empresas e Innovación.

A Sociedade Xestora do Parque Tecnolóxico de Galicia é o único ente creado para levar a cabo as accións de posta en marcha, xestión e supervisión das actividades que se xeren e desenvolvan na superficie do parque. A Xunta participa no capital social desta sociedade nun 49%, sendo os demais organismos que a compoñen o INORDE, a Cámara de Comercio e Industria de Ourense, os concellos de Ourense e San Cibrao das Viñas, a Confederación Empresarial de Ourense, a Unión Xeral de Traballadores e a Universidade de Vigo.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA COLABORARÁ CON REPSOL BUTANO PARA O DESENVOLVEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE GAS PROPANO CANALIZADO EN DIFERENTES NÚCLEOS DE POBOACIÓN

O Consello da Xunta facultou hoxe o conselleiro de Innovación e Industria a asinar un convenio de colaboración coa empresa Repsol Butano, SA, para o desenvolvemento da infraestrutura do gas propano canalizado en diferentes núcleos de poboación de Galicia.

A Consellería de Innovación e Industria achegará 800.000 euros, o 25% do investimento total previsto pola empresa, para posibilitar o acceso do gas canalizado aos concellos de Noia, Sada, Ares, Melide, As Pontes de García Rodríguez, Monterroso, Castro de Rei, Ribadeo, Quiroga, Viveiro, Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, Salceda de Caselas, A Estrada, A Guarda e Silleda.

O departamento dirixido por Fernando Blanco considera de alto interese a promoción da infraestrutura gasista que permita o crecemento desta fonte de enerxía alternativa, facilitando o desenvolvemento industrial e a diversificación enerxética e asegurando a subministración de gas na maior parte posible do territorio galego. A participación, de forma complementaria, do gas propano canalizado no proceso de gasificación permitirá intensificar a dispoñibilidade desta mobilidade de subministración enerxética a cidadáns que residen en núcleos de poboación onde, pola súa distancia das redes de gas natural, non teñen acceso a esta fonte de enerxía. O gas propano canalizado cobre en similares condicións o servizo de gas canalizado no sector doméstico, comercial e pequena industria e a convertibilidade das instalacións permite que non existan barreiras técnicas que impidan o cambio ao gas natural cando este se poida producir.



## DECLÁRASE DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O GASODUTO PONTEVEDRA-MARÍN-BUEU-CANGAS

O Consello da Xunta declarou hoxe, por petición da Consellería de Innovación e Industria, o proxecto "Ramal APB (transporte secundario) Pontevedra-Marín-Bueu-Cangas como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

Este proxecto, promovido por Gas Natural Transporte SDG, ten por finalidade regular a implantación territorial do dito ramal, para subministrar gas natural á empresa ENCE, amais de subministrar tamén esta fonte enerxética aos concellos de Marín, Bueu e Cangas, a través de tres estacións de regulación de medida que se instalarán nos núcleos urbanos destes concellos. O orzamento total previsto ascende a 6.978.036 euros.

O gasoduto sustenta o seu interese público e utilidade social en base a que constitúe unha alternativa enerxética doméstica e comercial, unha mellora ambiental ao implicar unha redución da emisión de CO<sub>2</sub> e unha posibilidade da mellora da eficiencia e rendibilidade dos procesos industriais.

A totalidade do ramal discorre pola provincia de Pontevedra, en concreto, polos concellos de Pontevedra, Marín Bueu e Cangas, que terán que adaptar o seu planeamento urbanístico ás determinacións contidas no proxecto do gasoduto. Partindo da actual posición I-022 de ENAGÁS, no concello de Pontevedra, o ramal finalizará no termo municipal de Cangas.





## MEDIO RURAL ASINA 19 NOVOS CONVENIOS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural, cun orzamento previsto nesta oitava quenda de 2.373.887 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta fase destinaranse 2.373.887 euros para as obras que se executarán, logo da sinatura dos convenios, nos concellos de Betanzos, Dodro, Mañón, Monfero, Santiago de Compostela, Folgoso do Caurel, Lugo, Monforte de Lemos, Palas de Rei, Avión, Beariz, Castro Caldelas, Coles, Entrimo, Padrenda, Pereiro de Aguiar, Rairiz de Veiga, Sandiás e Xunqueira de Espadanedo.

Estes 19 concellos correspondentes á sétima quenda súmanse aos 160 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos que se realizarán en distintos concellos de Galicia denominado Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Haberá tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



## A CONSELLERÍA DE CULTURA ACHEGARÁ 200.000 EUROS PARA A MUSEALIZACIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DO XARDÍN DE SAN ROQUE

- Os restos, da época romana, corresponden a un xacemento funerario de grande interese patrimonial
- Trátase de tumbas dunha necrópole de incineración e inhumación, unha piscina e un forno

O Consello da Xunta de hoxe aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Lugo polo cal a Xunta investirá 197.855 euros na musealización e posta en valor dos restos arqueolóxicos do xardín de San Roque na cidade das Murallas.

Estes restos, da época romana e que se encontran nun inmoble propiedade do Concello de Lugo, corresponden a un xacemento funerario de grande interese patrimonial, científico e social, e están constituídos por tumbas dunha necrópole de incineración e inhumación, unha piscina e un forno.

En virtude deste acordo, o departamento que dirixe Ánxela Bugallo contratará a totalidade das actuacións necesarias para levar adiante o proxecto de musealización e posta en valor dos restos arqueolóxicos, o que suporá un investimento de 120.000 euros nesta anualidade e 77.855 en 2007.

Pola súa banda, o Concello encargárase de autorizar as devanditas intervencións e a autorizar a plena e libre dispoñibilidade do monumento. Unha vez rematada a actuación, a Consellería cederallas á entidade local, que será responsable do seu mantemento.

Esta acción vai supoñer a culminación dunha serie de traballos xa realizados por parte da Consellería no xacemento ata a data, como a delimitación gráfica e planimétrica, consolidación e restauración dos restos romanos atopados, así como diversas tarefas de investigación e documentación destinadas ao necesario proceso de posta en valor do xardín de San Roque.



## MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 742.204 EUROS NA MELLORA DAS REDES DE ABASTECIMENTO DOS CONCELLOS OURENSÁNS DE ENTRIMO E A GUDIÑA

- Os proxectos dotarán de novos servizos de abastecemento os núcleos de Mesón de Herosa e San Lourenzo (A Gudiña) e os de Galez e A Terrachá (Entrimo)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ven de aprobar dous novos proxectos que permitirán mellorar os servizos de abastecemento dos habitantes dos municipios ourensáns de Entrimo e A Gudiña. As actuacións suporán un investimento total de 742.204 euros, que serán achegados na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh). Os proxectos foron aprobados no Consello da Xunta que tivo lugar hoxe.

### Entrimo

Medio Ambiente, a través do seu departamento de Augas, levará a cabo a ampliación da rede de abastecemento nos núcleos de Galez e A Terrachá, pertencentes ambos ao municipio de Entrimo. Esta actuación permitirá paliar a insuficiencia das instalacións actuais, provocadas pola crecente demanda de auga, especialmente en época estival. A infraestrutura proxectada partirá dunha obra de toma nas inmediacións do río Pacín e, posteriormente, conducirase aos depósitos reguladores de ambos os núcleos de poboación. O departamento que dirixe Manuel Vázquez investirá nestas obras 446.000 euros, que se financiarán con cargo aos orzamentos do exercicio deste ano, e estarán rematadas en 5 meses desde a súa adxudicación.

### A Gudiña

O outro proxecto hidráulico aprobado hoxe polo Consello da Xunta consistirá na construción dunha rede pública de captación e abastecemento de auga potable para os núcleos de Mesón de Herosa e San Lourenzo, que actualmente non dispoñen deste servizo, o que constitúe un problema especialmente para os establecementos hostaleiros que representan unha base importante das actividades económicas deste municipio ourensán. O proxecto da Consellería de Medio Ambiente conta cun orzamento de 296.2004 euros, que será financiado con cargo aos orzamentos da empresa pública de augas deste e do próximo exercicio económico. As obras para a creación da rede de augas de ambos os núcleos da Gudiña teñen un prazo de execución de seis meses.



## MEDIO AMBIENTE FINANCIA CUN TOTAL DE 397.991 EUROS A SELURA E REXENERACIÓN AMBIENTAL DOS VERTEDOIRO DE PADERNE E BANDE

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, destinará un total de 397.991 euros ás obras de clausura, selura e rexeneración ambiental de dous vertedoiros de residuos sólidos urbanos situados nos municipios de Paderne (A Coruña) e Bande (Ourense).

O Consello da Xunta, na súa xuntanza de hoxe, deu luz verde á realización de ambas as actuacións que financiaranse integramente con cargo aos orzamentos da comunidade autónoma correspondentes a este ano.

### Vertedoiro de Paderne

A clausura do vertedoiro de Paderne así como a rexeneración do contorno natural que ocupa e a descontaminación producida pola descomposición dos residuos orgánicos que alberga faranse cun prazo de execución de tres meses. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 172.171 euros nestas obras que inclúen, tras a selura, sementar especies vexetais para recuperar este lugar coñecido como As Poceiras. Na actualidade, este vertedoiro acumula residuos que non son considerados perigosos así como moitos voluminosos, como son electrodomésticos, mobles ou pneumáticos.

### Vertedoiro de Bande

A Consellería de Medio Ambiente destinará un total de 225.819 euros para proceder á clausura do vertedoiro de Bande, que está xunto ao cemiterio do núcleo urbano desde municipio ourensán. En explotación durante mais de 20 anos, na actualidade utilízase sobre todo para acumular entullo das obras que se están a realizar nas proximidades. A clausura destas instalacións irá acompañada da construción dun muro verde para conter os residuos da semente de especies vexetais así como dunha liña de árbores e da instalación dunha cerca de madeira. O prazo de execución destas obras é de dous meses e medio.



## O CONSELLO DA XUNTA ESTABLECE QUE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INFORMARÁ OS PLANS SECTORIAIS DOS PARQUES EMPRESARIAIS

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha modificación do Plan Sectorial de Áreas Empresariais asinado o 22 de xaneiro de 2004, modificación pola que a Consellería de Vivenda e Solo pasa a ser o departamento do Goberno que informa sobre os proxectos e plans sectoriais dos parques empresariais que se desenvolvan en Galicia, en substitución da Consellería de Política Territorial.

Esta decisión adóptase toda vez que, tras a creación da Consellería de Vivenda e Solo, a creación de solo empresarial corresponde a este departamento, como se recollo no seu decreto de estrutura, no que se establece que “o establecemento dunha política de creación e fomento de solos de carácter produtivo” corresponde á Consellería de Vivenda e Solo.



## A XUNTA APOSTA POR MELLORAR A CALIDADE E A PRODUTIVIDADE DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

- Garantirá medidas nos eidos da normalización lingüística, transparencia, accesibilidade, axilidade, calidade e atención adecuada aos cidadáns
- Asinará un convenio cos sindicatos que ten como principal obxectivo garantir a mellora da produtividade e da calidade nas accións que promove a administración de xustiza

Garantir a mellora da calidade e da produtividade da administración de xustiza é o obxectivo dun acordo que será asinado proximamente entre a Xunta de Galicia e as centrais sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma. O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza deu conta hoxe do Consello da Xunta do acordo que se asinará entre o Goberno e os sindicatos co fin de garantir a transparencia, accesibilidade, axilidade, calidade, atención e a normalización lingüística no eido da administración de xustiza.

Con este acordo preténdese, dentro do proceso de reforma que levará á implantación do novo modelo de Oficina Xudicial e que os traballadores sexan recoñecidos pola importancia do seu labor ao servizo do cidadán e se lles garantan unhas condicións de traballo satisfactorias.

O ámbito de aplicación do acordo comprende o persoal ao servizo da Administración de Xustiza dependente da Comunidade Autónoma, é dicir, os funcionarios dos corpos de médicos forenses, xestores e tramitadores procesuais e administrativos, e auxilio xudicial con destino en órganos xudiciais, fiscalías, rexistros civís, Instituto de Medicina Legal (Imelga) e oficinas xudiciais de Galicia. Tamén comprende o persoal interino que preste servizos en postos reservados a estes corpos de funcionarios.

### Condicións de traballo

Este texto regulará diferentes eidos das condicións de traballo na Administración de Xustiza; así, no ámbito da normalización lingüística, inclúense os coñecementos de galego como mérito para a provisión de postos. O acordo tamén se refire á previsión do monitor de informática como posto singularizado atendido por funcionarios da Administración de Xustiza (sen prexuízo da presenza do persoal informático dependente da Xunta); a identificación dos funcionarios que traballen cara ao cidadán; a ampliación do tempo de apertura das oficinas xudiciais; o establecemento de sistemas automatizados de control horario; e a definición para o ano 2007 dos obxectivos de cada unidade da oficina xudicial.

Para conseguir estes fins, a Administración e os sindicatos negociarán no segundo semestre os obxectivos anuais de cada unidade da oficina xudicial, así como os criterios para repartir a masa salarial que se destinará en 2008 para produtividade.

#### Produtividade

No acordo que se asinará faise referencia así mesmo ao complemento transitorio económico e á masa salarial destinada á produtividade. Neste sentido, establécense por períodos de seis meses unhas cantidades transitorias que comezan en xaneiro de 2006 en 205 euros mensuais e rematan no segundo semestre de 2008 en 300 euros ao mes; coa excepción dos funcionarios dos xulgados das sete grandes cidades con competencias en materia de violencia sobre a muller, que percibirán complementos que irán de 225 euros ao mes en xaneiro de 2006 a 320 en decembro de 2008.

Ademais destas cantidades, aplicarase un sistema de retribución por produtividade ao cal se destinarán, con carácter lineal, 284.280 euros en cada un dos semestres de 2008.

Dentro do contexto da implantación da nova oficina xudicial en Galicia, a Xunta e as organizacións sindicais están implicadas no proceso negociador que debe conducir á elaboración da primeira relación de postos de traballo na Administración de Xustiza en Galicia. No que se refire ao complemento específico dos postos xenéricos, se esta relación de postos de traballo se implanta durante a vixencia do acordo, o complemento específico dos postos xenéricos de forense, xestor e tramitador procesual e administrativo, e auxilio xudicial serán de 284.280 en cada un dos semestres de 2008.

Ao abeiro deste convenio establecerase, ademais, unha ampliación no horario de atención ao público por parte das oficinas xudiciais, que será de 9,00 a 14,30 horas. Ademais, as oficinas dos rexistros civís das cidades será de 9,00 a 18,00 horas.



## SEGUIMIENTO E CONTROL DA INCAPACIDADE TEMPORAL E PRESTACIÓN FARMACÉUTICA E AVALIACIÓN DO SISTEMA E DAS PRESTACIÓNS SANITARIAS, CLAVES DO PLAN DE INSPECCIÓN SANITARIA EN 2006

- O Plan -que desenvolven ao redor de 100 profesionais- pretende garantir que as prestacións sanitarias se xestionen axeitadamente
- Porase en marcha un novo programa informático de rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios
- Revisaranse o cen por cen dos procesos de incapacidade temporal que superen os tres meses, continuando o control con carácter trimestral segundo a normativa vixente
- Avaliarase o cumprimento da normativa sobre incompatibilidades, os propios procedementos asistenciais, e cuestións como a terapia respiratoria a domicilio, a prestación ortoprotética e o transporte sanitario
- En materia farmacéutica, avaliarase a calidade na subministración e distribución dos medicamentos

A Consellería de Sanidade informou esta mañá o Consello da Xunta sobre o Plan de inspección sanitaria para 2006 que abrangue aspectos clave como a loita contra o fraude, centrada especialmente no control da incapacidade temporal e a prestación farmacéutica. Xunto con isto, avaliaranse as distintas prestacións sanitarias tanto no que se refire á súa axeitada xestión -garantindo os dereitos dos usuarios- como á súa repercusión económica.

Así, a Sanidade pública galega revisará o cen por cen dos procesos de incapacidade temporal que superen os tres meses, e incrementaranse o número e revisións para realizar os informes trimestrais que nestes procesos prevé a normativa vixente; porase en marcha un novo programa informático de rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios; avaliarase o cumprimento da normativa sobre incompatibilidades, os propios procedementos asistenciais, e cuestións como a terapia respiratoria a domicilio, a prestación ortoprotética e o transporte sanitario. En materia farmacéutica, avaliarase a calidade na subministración e distribución dos medicamentos.

Con esta organización e estruturación a través do novo Plan de inspección, por unha banda, refórzase a actividade inspectora co obxectivo de que a prestación sanitaria se xestione axeitadamente; e, por outra banda, faise unha avaliación do propio sistema detectando os puntos mellorables. Esta xestión repercutirá tanto na propia Sanidade pública galega como no cidadán.

O Plan de inspección sanitaria para 2006 elaborouse considerando as demandas das diferentes unidades da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, e





respectando a nova estrutura orgánica. As actividades de inspección canalizaranse a través da Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade, e, a nivel periférico, nas Xefaturas de Servizo de Inspección. En total, en toda Galicia, desenvolven estas tarefas ao redor de 100 profesionais entre inspectores médicos, inspectores farmacéuticos e subinspectores sanitarios.

De xeito xeral, o novo Plan abrangue as cuestións relacionadas coa saúde laboral, a acreditación e autorización de centros e servizos sanitarios, a actividade disciplinaria, as reclamacións de responsabilidade patrimonial, a avaliación do sistema sanitario, e as actuacións relacionadas coa avaliación dos concertos e prestacións sanitarias.

No ámbito da saúde laboral, o Plan recolle a aplicación, seguimento e control do Convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma e o INNS en materia de incapacidade temporal. Tramitaranse o 100 por cen das reclamacións das empresas en relación coas situación de Incapacidade Temporal que se produzan, reducindo o tempo de resposta nas reclamacións nesta materia; e farase un seguimento dos indicadores estatísticos das baixas laborais; potenciando os programas para reducir o absentismo.

No ámbito da acreditación sanitaria e autorización de centros e servizos, entre outras cuestións, realizaranse auditorías do programa de acreditación dos centros hospitalarios de Galicia. No que se refire ao propio Sistema sanitario, inclúense medidas como a da avaliación da xestión das listas de espera, do cumprimento da normativa de consentimento informado, das reclamacións presentadas polos usuarios, ou de determinados aspectos dos servizos de urxencias hospitalarios, entre outros.

Este Plan tamén reflicte o seguimento dos concertos establecidos polo Sergas para a prestación da asistencia sanitaria. En canto ás prestacións sanitarias, elaboraranse e implantaranse programas de información periódicos aos facultativos prescritesores de prestacións como a terapia respiratoria domiciliaria, a prestación ortoprotética, ou o transporte sanitario.

No que afecta á prestación farmacéutica, desenvolverase o programa de control da gravación polas oficinas de farmacia dos datos das receitas, continuarase coa avaliación do cumprimento das normas de correcta elaboración de fórmulas maxistras e preparados farmacéuticos, participando tamén nas campañas de control de calidade do medicamento e demais actividades da Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios.

Todo isto, perfilado en liñas xerais, son medidas de cara a mellorar o sistema sanitario, e que esa melloría repercute directamente na calidade do servizo que percibe o usuario.